



## Concello de Sarria

---

### **DECRETO DO SR. ALCALDE, D. CLAUDIO MELQUIADES GARRIDO MARTINEZ**

En data de 1 de xullo de 2019, este Concello asina o Convenio ca Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra Incendios forestais no ano 2019.

Considerando que existe necesidade por parte do Concello da contratación do persoal necesario para dar cumprimento ó convenio asinado, e non poden ser atendidos por persoal funcionario nin laboral fixo.

Considerando que ditos traballos non teñen carácter permanente nin previsible por tratarse de unha actividade estacional, motivada polo perigo de incendios na época estival. Nin os contratados, aínda que foran os mesmos que o ano anterior non incurrirían en ningunha restrición sobre a contratación que poidera supoñer a indefinidade dos mesmos.

Considerando que se trata dun servizo subvencionado e que afecta a moitos usuarios pola importancia que ten a masa forestal. E que a contratación ten carácter inaprazable dado que tanto a Brigada como a motobomba antiincendios, ten que estar operativa para o verán de 2019.

Considerando que por parte da Intervención municipal se emite informe acerca da existencia de crédito axeitado para proceder a dita contratación así como a recomendación de facer modificacións puntuais nas bases da convocatoria.

Polo arriba exposto, veño en acordar:

1. Proceder a modificación das bases redactadas según recomendación da Intervención do Concello e unha vez modificadas proceder a súa aprobación.
2. Convalidar, de acordo co art. 52 da Lei 30/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, en relación co art. 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo cal se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público local, a omisión de fiscalización previa do Convenio Interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Sarria para a participación na prevención e defensa contra Incendios forestais durante o ano 2019.
3. Non se especifica convenio colectivo concreto de aplicación nos salarios a percibir polos traballadores, aplicando neste caso a aportación económica que figura no Convenio asinado ca Consellería do Medio Rural.



## Concello de Sarria

---

4. Publicar a presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, tendo os interesados un prazo de 10 días naturais para a presentación das solicitudes.

**BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE. 3 CONDUCTORES DE MOTOBOMBA, 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUCTOR E 3 PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, DURANTE A CAMPAÑA DE INCENDIOS DE 2019 A XORNADA COMPLETA.**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal de oito traballadores para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, no marco do Convenio de Colaboración subscrito en data 1 de xullo de 2019 entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Sarria para a participación na defensa contra incendios forestais, mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa. As categorías serán as seguintes:

5. tres conductores de motobomba.
6. un xefe de brigada.
7. un peón conductor co carné B.
8. tres peóns de brigada.

Os contratos asinaranse baixo a modalidade de Eventual por circunstancias da produción, a xornada completa, con unha duración de **TRES MESES, con unha teporalidade ligada a duración do tempo asinado en Convenio**. O persoal contratado deberá ter unha disposición absoluta polas emerxencias que se poidan producir. **Os traballadores realizarán labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requeridos para a defensa destes, durante cada un dos meses de vixencia do contrato, con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos os domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.**

O ámbito de actuación da Brigada será o municipal, sen prexuízo de que, conforme a normativa aplicable, o persoal das brigadas municipais participe nas operacións de extinción e remate de incendios forestais, baixo o mando único operativo dependente da Consellería competente en materia forestal, cando así se decida por parte do mando único e conforme o artigo 48.6 da Lei 3/2007 e o Pladiga.

As labores a desenvolver consistirán nos seguintes traballos:

- Intervención nos incendios forestais no ámbito municipal, sen prexuízo de que conforme a normativa aplicable o persoal das Brigadas municipais participe nas operacións de extinción e de remate de incendios forestais, nos termos do parágrafo anterior.
- Os traballos de extinción serán prioritarios con respecto aos traballos de prevención.

### **SEGUNDO.- RETRIBUCIÓNS**

As retribucións básicas por categoría serán as seguintes:

Conductor motobomba: 870 €, mais 145 € de prorrateo pagas extra, mensuais.  
Xefe de brigada: 1050 €, mais 175 € de prorrateo pagas extra, mensuais.

---

## Concello de Sarria



## Concello de Sarria

---

Peóns : 825 €, mais 137,5 € de prorrateo pagas extra mensuais.

### **TERCEIRA: PUBLICIDADE.**

As presentes Bases íntegras publicaranse no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sarria así como no Boletín Oficial da provincia.

Os resultados das probas, así como as citacións e emprazamentos aos aspirantes, levarase a cabo a través do Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina Web da Entidade.

### **CUARTA: REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

#### **A) REQUISITOS XERAIS**

a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os 18 anos de idade por ser postos de especial peligrosidade e posibles actuacións nocturnas e non ter acadada a idade máxima de xubilación.

c) Poseer a capacidade funcional necesarias para o desempeño das tarefas.

d) Estar en posesión do certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.

e) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

f) Non atoparse incurso/a en causa de incompatibilidade con arreglo á lexislación vixente, nen atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que desempeñe no caso de persoal laboral no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público

#### **B) REQUISITOS ESPECÍFICOS:**

- Estar en posesión do permiso de condución de clase C ou encontrarse en situación de obtelo antes da data de remate do prazo de presentación de solicitudes para os conductores de motobomba.
- Estar en posesión do título de Enxeñeiro de montes, Enxeñeiro Técnico



## Concello de Sarria

---

Forestal, técnico superior en xestión e organización de de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente e carné de conducir B, para o xefe de grupo.

- Ter o permiso de conducción B para o peón conductor.

Os interesados asinan na instancia de participación que reúnen todos os requisitos esixidos nesta base, debendo presentar os documentos que os acrediten unha vez feita publica polo Tribunal a proposta de selección agás os sinalados na base QUINTA. No caso de non acreditar estar en posesión de todos os requisitos, o aspirante non poderá ser contratado, sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incurrir por falsidade na instancia.

### QUINTA. SOLICITUDES

#### A)PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os interesados/as dirixirán as súas solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo II destas bases e que tamén se facilitará nas oficinas municipais, o Sr. Alcalde do Concello de Sarria acompañadas da documentación que se sinala no apartado D da base QUINTA.

Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indica-lo na solicitude, precisando o grao de minusvalía e as adaptacións de tempo e medios para a realización das probas.

#### B)DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE :

a) Fotocopia dos documentos que acrediten a posesión dos méritos presentados polo aspirante para a súa valoración na fase de concurso. Os méritos que non estean acreditados tal e como se sinala en cada apartado da Fase de Concurso non poderán ser valorados.

c)Autorización para realizar a proba física de esforzo que deberá realizar xunto co recoñecemento médico previo á contratación (Anexo III).

d) Celga 2 ou equivalente, sendo necesario por parte daqueles que non o posuan, a realización de unha proba que acredite dito coñecemento.



## Concello de Sarria

---

### **C) LUGAR DE PRESENTACIÓN**

A presentación das solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello de Sarria e nos lugares que se establece a Lei Procedemento Administrativo Común, en cuxo caso deberá enviar un fax ao Concello.

### **D) PRAZO DE PRESENTACIÓN**

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da Convocatoria.

### **SEXTA. ADMISIÓN/EXCLUSIÓN DE ASPIRANTES.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no taboeiro de anuncios do Concello e na súa páxina Web a lista provisional de admitidos/excluídos, concedéndose un prazo de tres días hábiles para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

De non haber reclamacións, elevarase a definitiva a lista provisional, no caso contrario, publicarase no taboleiro e na web a lista definitiva de admitidos e excluídos.

### **SÉTIMA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do Estatuto Básico do Empregado Público e estará integrado por 5 membros titulares e suplentes: Presidente, 3 Vogais e 1 Secretario.

A pertenza aos Órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal Cualificador, realizarase polo Sr. Concelleiro do Medio Rural debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ao emprego que se convoca.

O Secretario do Tribunal actuará como fedatario, non participando da función cualificadora dos/as aspirantes.

A composición do Tribunal publicarase no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina Web, xunto coa data de realización da proba práctica.

O Tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como de



## Concello de Sarria

---

colaboradores en tarefas de vixiancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

Os designados deberán absterse de actuar se neles concorre algunha das circunstancias do artigo 28.2 da lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Por esas mesmas causas poderán ser recusados polos aspirantes resolvéndose a recusación con arreglo ó previsto no artigo 29 da citada Lei.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria queda facultado para resolver cantas dúbidas e demáis circunstancias e incidencias que se plantexen durante o proceso selectivo así como toma-los acordos que procedan en orde á cobertura dos empregos convocados.

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente e do/a secretario/a.

### ***OITAVA. SISTEMA DE SELECCIÓN.***

O sistema de selección será o concurso-oposición.

#### **I.-FASE DE CONCURSO (máximo 40 puntos).**

Serán valorados os méritos aportados polos concursantes, tendo estes un prazo de dous días hábiles para formular posibles reclamacións contra a valoración de méritos por parte do Tribunal.

Valoraranse os seguintes méritos:

##### **A) EXPERIENCIA LABORAL (máximo 20 puntos).**

Por ter prestado servicios na mesma categoría e ocupación para a que solicita a participación: 0,05 puntos por mes traballado ata un máximo de 20 puntos.

Este merito acreditarase coa presentación de fotocopias dos contrato/s de traballo, certificación/s ou nómina/s nos/as que se poda comprobar a denominación e as tarefas do emprego desempeñado.



## Concello de Sarria

---

### **B) CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO (máximo 20 puntos).**

Os cursos de formación homologados relacionados coa protección do ecosistema e efectos do lume, comportamento do lume, técnicas de extinción, apertura dunha liña de defensa, mantemento de ferramentas, manexo da emisora, seguridade e en xeral de protección de incendios puntuaranse dacordo co seguinte sistema de baremación:

Por cada curso de 60 , ou mais horas de duración 1 punto.

Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración 0,50 puntos.

Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración 0,25 puntos.

Os cursos de formación acreditaranse presentando a copia cotexada do Diploma no que se especifique a denominación da acción Formativa o números de horas e o contido do curso formativo.

### **II.- FASE DE OPOSICIÓN (máximo 60 puntos).**

#### **A) PROBA TEÓRICA.**

Consistirá nun exercicio tipo test de 20 preguntas relacionada cos contidos propios da praza que solicita según temario incluído no anexo I .

Esta proba e obrigatoria e anónima.

A proba teórica puntuarase ata un máximo de **20 puntos**, sendo necesario acadar unha puntuación de 10 puntos para aprobar.

#### **B)PROBA PRÁCTICA .**

A proba práctica consistirá na realización dalgún cometido relacionado co posto a desempeñar e irá encamiñada a demostrar a capacidade da persoa para a realización das funcións do emprego que se convoca valorándose a calidade e rapidez na execución das tarefas.

Esta proba e obrigatoria.

A proba práctica puntuarase ata un máximo de 40 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 20 puntos para aprobar.

#### **NOVENA.CUALIFICACIÓN DEFINITIVA:**

A orde de clasificación definitiva de tódolos aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións totais obtidas na fase de Concurso e Oposición, determinando a lista do aspirante aprobado.

#### **DÉCIMA.PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

O Tribunal, a vista da lista dos aspirantes seleccionados, realizará proposta de



## Concello de Sarria

---

contratación ante o Sr. Alcalde, publicándose no Taboleiro de Editos do Concello e na súa páxina Web.

En ningún caso o tribunal calificador baixo sanción de nulidade absoluta ou de pleno dereito poderá propor para a contratación maior número de aspirantes que empregos convocados.

### **UNDÉCIMA.PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.-**

A persoa proposta polo Tribunal, deberá aportar no prazo de 3 días dende a publicación da proposta no Taboleiro de Anuncios os documentos aos que se refire a base CUARTA.

### **DUODÉCIMA, RECOÑECIMENTO MÉDICO E PROBA FÍSICA DE ESFORZO.**

Os aspirantes seleccionados estarán obrigados a realizar antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo (proba do banco), nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Sarria

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a.

### **DECIMOTERCEIRA.- REALIZACIÓN DUN CURSO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS.**

Os aspirantes están obrigados, despois da súa contratación a realizar un curso de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 20 horas como mínimo que será impartido por persoal competente na materia aínda que xa o teñan realizado en anos anteriores.

A non realización do curso de formación supoñerá o cese do traballador por incumprimento desta base.

O Curso de formación versará sobre as seguintes materias coa distribución horaria que se recomenda:

	Teóricas	Prácticas
Protección do ecosistema e efectos do lume	1	--
Comportamento do lume	1	--

---

## Concello de Sarria





## Concello de Sarria

---

Técnicas de extinción incluíndo unha queima	1	1
Apertura de liña de defensa	---	7
Mantemento de ferramentas	1	1
Manexo de emisora	---	1
Seguridade	2	2
Coordinación e funcionamento da brigada	1	1

### ***DECIMOCUARTA: BOLSA DE TRABALLO.***

As persoas que figuren na lista de cualificación final por superar o proceso selectivo sen ser seleccionados pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo. A esta bolsa de traballo poderá acudir o Concello no caso de que algún dos aspirantes seleccionados non se incorpore, cese,... co obxecto de garantir que a prestación do servizo quede cuberta.

### ***DECIMOQUINTA. RECURSOS.***

Cantos actos e trámites se deriven da presente convocatoria, serán impugnables de conformidade co previsto na vixente Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

O SR. ALCALDE-PRESIDENTE



## Concello de Sarria

---

### **ANEXO I.**

#### **PROGRAMA.**

Tema 1.- A Constitución Española. Dereitos e Deberes fundamentais.

Tema 2.- A Organización Municipal. O Alcalde, O Pleno e a Xunta de Goberno.

As súas competencias e procedemento.

Tema 3. Tipoloxía de incendios forestais.

Tema 4. Accións para a extinción de incendios forestais.

Tema 5. Unidades de extinción de incendios forestais. Medios terrestres.

Medios aereos.

Tema 6. Medidas de prevención de incendios forestais.

Tema 7 .Coñecemento do ámbito territorial de actuación da unidade de prevención: Núcleos de poboación, vías de comunicación, hidrografía, orografía, edificios e paraxes singulares.



## Concello de Sarria

---

ANEXO II

### MODELO DE INSTANCIA

D/a .....provisto/  
a de D.N.I. nº..... con enderezo na  
R/.....nº..... piso.....  
C.Postal.....Localidade.....  
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Sarria para a contratación de operaios/as para a prevención e extinción de incendios forestais.

9. tres conductores de motobomba.
10. un xefe de brigada.
11. un peón conductor co carné B.
12. tres peóns de brigada.

**MARCAR ACATEGORIA PARA A QUE SE SOLICITA**

**DECLARO:**

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento de selección, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

Sarria, de de 2019

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SARRIA.

---

**Concello de Sarria**

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



## Concello de Sarria

---

### ANEXO III.

#### CONSENTIMENTO CON COÑECEMENTO DE CAUSA.

DON ....., con D.N.I ....., como parte do proceso de selección de 3 CONDUCTORES DE MOTOBOMBA, 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUCTOR E 3 PEÓNS PARA A BRIGADA MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA DE CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, entendo que se me pedirá levar a cabo diversas probas para valorar o meu nivel de aptitude biolóxica en caso de resultar seleccionado.

Entendo que teño liberdade para formular calquera pregunta sobre calquera proba. Se por algún motivo non poido realizar algunha proba informarei ó administrador.

Existen certos riscos asociados á realización das probas entre eles respostas anormais da tensión arterial ou da frecuencia cardíaca, trastornos nos latidos cardíacos, desmaios e en casos raros, ataques cardíacos, apoplexía ou morte.

Posto que o meu estado de saúde pode afectar directamente á miña seguridade durante o exercicio, poñerei ó corrente ó administrador de tódolos meus problemas de saúde. Asimesmo informarei con prontitude sobre calquera molestia ou dor asociados cunha determinada proba ós administradores.

A inscrición para participar no proceso de selección é voluntaria e entendo que son libre de retirarme de calquera proba, en calquer momento por razóns de saúde.

Igualmente autorizo ó Concello a realizar todas as probas necesarias para verificar o cumprimento das condicións de capacidade funcional necesarias para o desenvolvemento do posto de traballo mediante a realización do pertinente recoñecemento médico incluídas probas de alcoholemia e toxicolóxicas. A información sobre a miña persoa e estado de saúde resultante de dito recoñecemento terá a consideración de datos de carácter persoal incorporándose ó expediente de selección e non será revelada a ningún extrano sen a miña autorización escrita.

Lin e acepto este formulario e dou o meu consentimento escrito para participar neste proceso de selección.

Sarria a        de        de 2019.

---

Concello de Sarria



## Concello de Sarria

---

### ANEXO IV

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....provisto de DNI  
nº....., con domicilio na  
R/.....núm. ....piso.....  
C.P..... Localidade,.....Municipio.....  
Provincia.....Teléfono.....

#### DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego público.

Sarria,.....de.....2019

Asdo: .....